

# Galicia Hoxe

**IMAXES** ■ Compostela acolle un ciclo de títulos emblemáticos do xénero que conmemora a declaración realizada polo ONU hai sesenta anos

## Compromiso e calidade para o cine de Dereitos Humanos

Coincidindo co sesenta aniversario da Declaración dos Dereitos Humanos, o Teatro Principal de Compostela acollerá, entre o 19 e o 23 deste mes de xaneiro, un Ciclo de Cinema Dereitos Humanos, con cinco filmes sociais comprometidos realizados no 2007 e 2008. Neses filmes, segundo os organizadores do ciclo, o Concello compostelán, xúntase a calidade cinematográfica co compromiso social e, por suposto, sempre en versión orixinal subtitulada.

Unha das películas máis salien-

tábeis do ciclo vai ser *A cuestión humana*, de Nicolas Klotz, unha obra que impactou na crítica europea e que non se estreou comercialmente en Galicia. O filme ten como protagonista a Simon, que traballa como psicólogo no departamento de recursos humanos dunha gran multinacional petroquímica. O seu labor consiste na organización de raves e xogos de rol, onde os mozos empresarios son levados á extenuación para detectar as súas fraquezas e aptitudes.

Outra das pezas destacadas é

*Tropa de elite*, de José Padilha, un filme brasileiro que combina drama e suspense e que narra a historia de A. Nascimento, capitán do Batallón de Operacións Especiais da Policía, a quen se lle asigna o mando dun dos grupos que teñen a misión de 'pacificar' as favelas do morro de Turano debido á visita de Xoán Paulo II.

Dende Inglaterra, chega *Somer Towns*, unha comedia dramática de Shane Meadows, que conta as peripecias de Tommo e Marek; un deles acaba de saír do reformatorio. o



Fotograma de 'Tropa de elite'

outro é un inmigrante procedente de Polonia.

As dúas obras restantes foron realizadas no España. *Camino*, de Javier Fesser, é un filme polémico que acumula sete nominacións aos Goya e acaba de recibir o Premio Cinematográfico José María Forqué, desenvolve a historia dunha nena que se enfrenta a dous acontecementos trascendentais: o namoro e a morte. A súa nai, militante do Opus Dei, tratará de facerlle crer que a súa enfermidade é unha bendición de Deus.

O ciclo conclúe con *Bucarest, a memoria perdida*, crónica da busca que fai Albert, un xornalista, para recuperar as súas propias raíces, enmarcadas nun dobre exilio: O seu pai, político español, foi obrigado a exiliarse pola súa militancia antifranquista e agora el, inicia un novo exilio interior, esta vez sen posibilidades de retorno: loita contra o alzhéimer. ■ **smacerán**